**EL PUENTE**

## *Las trompetas*

Alfredo Vara

Apenas han comenzado a trabajar los nuevos gobiernos municipales y suenan ya trompetas apocalípticas que proclaman la reedición de las dos Españas, el entierro sectario de tradiciones arraigadas y anuncian tormentas constantes por los pactos excéntricos de una izquierda radical que, aseguran, ha tomado el poder en muchos ayuntamientos, como si no hubiese sido fruto de una votación democrática y consecuencia de la pérdida de confianza lograda a pulso por los que han tenido que ceder el bastón de mando.

Sería tan absurdo negar que muchos gobiernos municipales van a tener extrema dificultad para funcionar con coherencia durante cuatro años como negar la evidencia de que la política de gestos puede bastar para las primeras horas, pero hará falta mucho más para gestionar el día a día durante las 1.460 jornadas que tienen por delante.

Pero es inevitable preguntarse si algunos acontecimientos de los últimos días se habrían producido sin el vuelco del 24 de mayo.

Por ejemplo, el acuerdo del presidente de la Xunta con Abanca para dar respuesta a los desahucios o el esbozado en reunión de la ya alcaldesa de Madrid con Bankia. ¿Por qué ahora y no antes, si hay desahucios desde hace varios años?

Por ejemplo, la anunciada desaparición del Consejo Consultivo de Madrid, refugio dorado de políticos, que forma parte del pacto de Ciudadanos con el PP madrileño. O los planes de lucha contra el fraude fiscal y la economía sumergida en Andalucía incluidos en el que ha permitido le investidura de Susana Díaz.

Lo que viene no va a ser fácil. Pero es pronto para sacar las trompetas. A no ser que la intención sea solo hacer ruido para que no se escuchen otras voces.

**Tres millones de gallegos**

**Dositeo Valiñas**
Párroco en activo máis lonxevo de Galicia, con 94 anos

# «É o momento máis extraordinario en 2.000 anos; todo vai cambiar na Igrexa»

*Leva 2 parroquias e ven de celebrar os 71 anos da súa ordenación sacerdotal*

**SUSANA LUAÑA**
VILAGARCÍA / LA VOZ

Atopamos a Dositeo Valiñas recollido, lendo, nun día moi especial para el. «Celebro o aniversario da miña ordenación sacerdotal, hai 71 anos en Santiago. Eramos 13, eu era o máis novo e agora son o maior de todos». Iso non lle impide, con 94 anos, celebrar misa diaria nas dúas parroquias que ten ao seu cargo, a de Leiro e a de Ribadumia, no mesmo concello. Non sabe se é o párroco de máis idade de Galicia, pero si que é o maior en activo.

**—¿Non pensa en retirarse?**
—Deus dirá cando. De momento atópome ben, leo perfectamente, aínda que de oído vai peor a cousa. Teño os meus achaques, pero procuro levar unha dieta san e coidarme.

**—Vostede terá visto de todo, pero estes novos tempos, ¿non o asustan un pouco?**
—Na ditadura estiven fichado porque estabamos cos movementos xuvenís, e non podía oficiar a misa en galego. Cando me ordenei sacerdote era a Guerra Mundial, vivín unha crise moi forte que houbo na República, os anos de fame despois da Guerra Civil... Xa é difícil que me sorprenda nada.

**—¿Tampouco a aprobación do matrimonio homosexual, como ven de facer Irlanda?**
—Os tempos cambian e é unha cousa que se está dando que eu vexo normal e natural. A min persoalmente pódeme custar entendelo, pero procuro facelo.


Dositeo Valiñas bautizou a Rafael Louzán, do que é amigo; tamén o é de Nené Barral. MÓNICA FERREIRÓS

- UNHA PELÍCULA **«Os dez mandamentos»**
- UN LIBRO **«Jesús, aproximación histórica» de Pagola**
- O SEU COCHE **Peugeot 205 con 13 anos de antigüidade**

**—Ou sexa, que vostede é da corda do papa Francisco.**
—O novo papa é o papa que necesitabamos. El está a poñer en marcha un estilo novo, dende a estrutura á forma de vestir, e a min paréceme moi ben.

**—O PP de Ribadumia perdeu a alcaldía a favor dos independentes de Nené Barral. ¿Que tal se leva con eles?**
—Non podo pronunciarme porque todos son amigos e todos se portan ben comigo. Nené Barral foi un moi bo alcalde, aparte dos problemas que tivera coa xustiza, e a Rafael Louzán bauticeino eu, que naceu aquí ao lado. Tamén me levo moi ben con Salomé, coa exalcaldesa.

**—Pero os seus veciños están a pasalo mal, con esta crise...**
—Tratamos de facer un esforzo desde Cáritas. No campo non hai tanta necesidade porque sempre hai algo de que botar man, pero a xente non ten traballo e hai familias que o pasan moi mal.

**—¿Cal é o segredo da súa boa saúde?**
—Digamos que non son vexetariano e non levo unha dieta estrita, pero si procuro coidarme; non teño problemas de colesterol nin de azucre.

**—Non hai relevo, don Dositeo. Os novos non queren ser curas.**
—Non é só un problema de España, hai un contexto europeo de materialismo que provoca que as vocacións toquen fondo. Pero é o momento máis extraordinario en 2.000 anos, todo vai cambiar na Igrexa. Iso pode causar estrañeza nos máis maiores, pero eu penso que se vai fortalecer.

**—¿Vai seguir conducindo?**
—Vou renovar o carné este mes. Polo menos vouno intentar.

GRACIAS a todos nuestros socios de Honor, Benefactores, Protectores, Mérito, Colaboradores, Estudiantes.

Con su generosa colaboración podemos apoyar al Museo a través de donación de obras de arte y otras acciones.

Real Asociación Amigos Museo Reina Sofía

GRACIAS POR ASOCIARTE

Tú también puedes colaborar y disfrutar de las ventajas de ser socio

www.amigosmuseoreinasofia.org
c/ Santa Isabel, 52 • 28012 Madrid • Tel: 915 304 287
asociacion@amigosmuseoreinasofia.org